

BASES

IV TAPA TOUR 2019

No Cuarto Concurso de Tapas deste ano participan os seguintes locais:

- Parrillada Terranova
- Restaurante El Moderno
- Bar O Cruce
- Cervecería Kloos
- Bar O Crecho
- Bar A Farmacia
- Restaurante A de Maruja
- Restaurante Ferreño
- Casa Presedo

Os días do concurso serán os sábados 16,23 e 30 de novembro en horario de 12:00 a 16:00 e de 20:00 a 23:00 horas.

Os clientes dos bares e restaurantes asociados a este evento terán á súa disposición as Cartillas Tapa Tour, nas que obrigatoriamente deben incluír todos os datos persoais e teléfono para poder ingresar no sorteo e ter posibilidades de gañar os premios. (Primeiro premio: Cruceiro polo Mediterráneo para dúas persoas. Segundo premio: estancia dunha noite nun balneario. Terceiro premio: vale de 90 euros). Cada cartilla ten que ter estampado en TODAS AS SÚAS CASILLAS, non podendo levar máis dunha estampa de mesmo establecemento.

Se non completan todas as casillas pódese optar ó terceiro premio que consiste nun vale de 90 € para gastar en calquera dos establecementos participantes no Tapa Tour. O único requisito é ter cuberto a cartilla cun mínimo de cinco selos.

Os propietarios dos establecementos e o seu persoal tamén poden participar no Tapa Tour.

Únicamente os membros da directiva de ASOCE quedan excluídos.

CÓMO VOTAR

Para poder optar a estampar o selo, o cliente ten que facer una consumición coa tapa.

Cando o cliente teña degustado todas as tapas co correspondente selo do establecemento, terá que cumprimentar o apartado titulado MELLOR TAPA.

Unha vez completada cartilla cun mínimo de cinco selos, depositarase na urna de calquera establecemento adherido ó TAPA TOUR.

Aínda que existan comentarios positivos ou calificacións excelentes a algún dos establecementos no Facebook de ASOCE, non serán válidos nin tidos en conta á hora das votacións.

PREMIOS OTORGADOS OS ESTABLECEMENTOS HOSTELEIROS PARTICIPANTES

O luns día 2 de decembro, despois das 20:00 horas a organización do Tapa Tour 2019 recepcionará as urnas na oficina de ASOCE.

A organización comprobará a validez de cada cartilla Tapa Tour, é dicir, a cartilla será admitida ó sorteo sempre que esté ben cumprimentado, en bo estado, sen roturas, sen tachóns, cunha estampa por establecemento e sen sinais de manipulación incorrecta ou fraudulenta.

Os dous establecementos gañadores do Tapa Tour 2019 sairán da suma dos votos que otorgasen os clientes con mínimo de cinco selos na cartilla.

Unha vez realizado o 100 % do escrutinio, sempre en presenza de Xuiz de Paz, publicaranse os resultados no Facebook de ASOCE OZA-CESURAS.

ASOCE poñerase en contacto dos DOUS locais hoteleiros gañadores do concurso para comunicarlles a súa victoria no mesmo. Ó mesmo tempo seralles indicado o lugar e data da recollida do premio. Farase entrega dun TROFEO como recordo e reflexo por gañar o premio e dun agasallo que consta dun acceso a Spa, balneario o masaxe para dúas persoas en agradecemento polo traballo e esforzo en participar no Tapa Tour.

En caso de empate ambos obterán o título de mellor tapa 2019.

SORTEO DOS PREMIOS Ó PÚBLICO

O día 2 de decembro ás 21:00 horas realizarase o sorteo entre todos os participantes que aportasen as cartillas cos requisitos antes mencionados. Será o Xuiz de Paz o que saque as cartillas e verifique as mesmas.

Haberá un premiado co Cruceiro polo Mediterráneo, un premiado coa estancia nun balneario e un premiado co vale de 90 €, cos seus respectivos suplentes.

O contacto cos gañadores farase mediante número de teléfono indicado na súa cartilla, e deberá ser nacional.

As persoas afortunadas terán 48 horas para aceptar o premio. En caso de negativa, o suplente será avisado, e disporá do mesmo tempo para aceptar ou rexeitar o premio.

En caso de rechazo, o premio quedará deserto. Non haberá prórrogas nin novos sorteos.

ASOCE poderá solicitar a aceptación escrita do premio. Como se explicou, os gañadores poderán rexeitar o premio, pero tal renuncia deberá constar por escrito e ser firmada polos gañadores.

PREMIO TAPA TOUR 2019

O primeiro premio consiste nun Cruceiro polo Mediterráneo para dúas persoas durante 7 días, nun camarote interior e con pensión completa a bordo. No premio non se inclúen taxas de embarque, nin propinas, nin bebidas, nin calquera outro servizo que os gañadores poidan usar durante a estacia. Será válido en temporada baixa. O viaxe por calquera medio dende o domicilio da persoa gañadora ate o punto de saída do Cruceiro, correrá a cargo da persoa gañadora.

O segundo premio consiste nunha estacia de una noite para dúas persoas en habitación dobre, en réxime de aloxamento e almorzó. As persoas afortunadas con este segundo premio terán acceso limitado ao SPA. Os gastos que a maiores se poidan derivar (minibar, masaxes, tratamentos especiais, late check-out, etc.) correrán a cargo das persoas gañadoras.

O terceiro premio consiste nun Vale por valor de 90 € en consumición, canxeable en calquera dos establecementos participantes no evento. A validez de Vale será de 1 mes a partir de data de entrega do mesmo.

XENERALIDADES E EXONERACIÓNS DE RESPONSABILIDADE

- En ningún caso existirá a posibilidade de canxear o premio polo seu equivalente en efectivo.
- O gañad@r debará acreditar a súa identidade ante a organización para poder recibir o premio. En caso de negativa, a organización pode denegar o premio.
- O uso e disfrute do premio corresponde únicamente ó titular ganad@r e á persoa que este designe expresamente como o seu acompañante.
- O premio é personal e intransferible, é dicir, non se poderá ceder nin intercambialo con outras persoas.
- Calquer outro gasto adicional alleo ós conceptos incluídos e realcionados co premio ou co seu disfrute será sufragado polo gañad@r.
- ASOCE e o Concello de Oza –Cesuras, quedan exonerados de calque responsabilidade derivada das posibles eventualidades polos participantes no sorteo ou no disfrute dos premios.
- A organización, en colaboración co Concello de Oza-Cesuras, resérvanse o dereito de substituír algún dos premios por outro similar e igual valor se fora necesario por causas alleas a eles.
- As persoas afortunadas cederán os dereitos de imaxe en caso de ser fotografiados na entrega ou disfrute dos premios. As imaxes poderán ser utilizadas con fins promocionais nas campañas que ASOCE realice.
- A organización e o Concello de Oza-Cesuras non se responsabilizan dos actos e comportamentos dos participantes do Tapa Tour nin dos usuarios, nin dos deterioros ou roubos que se poidan producir.
- A organización de o Concello no se farán responsables dos danos ou perxucios que se poideran ocasionar ós establecementos participantes ou ós usuarios, derivados de averías, caídas de liñas o calquera outra eventualidade de igual ou similar índole, allea á vontade dos organizadores.
- A organización ten o dereito de tomar cantas decisións sexan precisas e oportunas para garantir o adecuado desenvolvemento do Tapa Tour,

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos que se proporcionen co obxecto de participar no concurso, únicamente serán almacenados coa finalidade de xestionar Tapa Tour e elaborar estadísticas coas persoas que voluntariamente facilitasen os seus datos. Asimesmo, a participación neste concurso conleva a autorización por parte dos gañadores a utilizar a súa imaxe, o seu nome e apelidos para a súa publicación en calquera medio de comunicación con fins publicitarios e/ou promocionais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición en relación ós datos recabados, @ interesad@ deberá dirixirse por correo postal a ASOCE (Asociación de Comerciantes) Rúa Castiñeiro, 2 baixo. 15380 Oza-Cesuras, A Coruña

O incumplimento dalgunha das normas aquí recollidas por parte dos establecementos participantes, supón a expulsión de mesmo e a perda de calquer dereito a obter un premio.

ASOCE OZA-CESURAS

13 de novembro de 2019.